

PARADA 04
O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO
CASA DAS PALABRAS

O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO. PASO A PASO

1. TEMOS AS CADEIRAS NA MESA E OS POSTOS DE BINGO LISTOS CON CARTÓN E FABAS
2. CANDO CHEGAN FACÉMOSLLES UN PEQUENO PERCORRIDO POLA CASA DAS PALABRAS
3. SENTÁMOLOS ARREDOR DA MESA E FACEMOS **PRESENTACIÓN** E **EXPLICACIÓN** DA ACTIVIDADE
4. XOGAMOS ATA QUE ALGUÉN CANTA BINGO
5. COMPRÓBAMOS QUE O BINGO É CORRECTO LEMBRANDO O SIGNIFICADO DE CADA PALABRA
6. FACEMOS UNHA SEGUNDA RONDA
7. FACEMOS A **CONCLUSIÓN** ACLARANDO AS PALABRAS
8. PEDÍMOSLLES QUE ESCOLLAN UNHA PALABRA E QUE A POÑAN NO PASAPORTE
9. REPARTIMOS A TORTA DE GUITIRIZ
10. DESPEDIMOS

O LÉXICO DE D.C. PRESENTACIÓN

Benvidos á Casa das Palabras, unha iniciativa de Xermolos, a Asociación Cultural creada por Alfonso Blanco, que é un dos responsables de que hoxe coñezamos a Díaz Castro, xa que recuperou a súa figura e obra para Galiza.

Cando regresou a Guitiriz, **Díaz Castro pasaba moito tempo na biblioteca que hai do outro lado e nesta sala fíxoselle a súa última homenaxe**, en 1990, uns meses antes da súa morte.

Xermolos é depositario do legado de Díaz Castro e conservan libros, cartas, fotografías e ata o seu sombreiro, vinde velo... Estas vitrinas están cheas de cousas del. Mirade, esta é unha primeira edición de Nimbos do ano 1961.

Xa vedes que aquí hai un auténtico museo e non só de Díaz Castro, tamén doutros autores da Terra Chá, como Manuel María. Botade un vistazo e despois sentámonos para o xogo.

(Deixamos que boten un vistazo ó seu aire)

MATERIAIS NECESARIOS:

- Bingo
- Cartóns e fabas
- Léxico
- Torta de Guitiriz (1 por grupo)

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Facemos un pequeno percorrido pola Casa das Palabras.
- Despois sentámoslos na mesa para xogar ó bingo.

O LÉXICO DE D.C. XOGO E CONCLUSIÓN

Agora imos xogar un bingo. Pero o bingo do léxico de Díaz Castro. **Nos cartóns tedes palabras que el usaba nos poemas.** Algunhas ao mellor non vos soan porque son do galego chairego, pero imos probar.

Con cada número que saquemos imos ler unha definición. Se credes que esa definición se corresponde cunha palabra do voso cartón, marcádea. Cando teñades todas, cantade bingo. Comezamos.

(Comezamos o bingo ata que alguén canta, despois lemos as definicións)

Cantaron bingo! Agora imos comprobar que é correcto e volver ler as definicións. Outra ronda?

(Facemos o bingo un par de veces)

Hai algunha palabra que non saibades o que é? Imos lelas todas. Cal vos sorprende máis? Anotádea no pasaporte. E antes de marchar, aquí tedes o premio, imos probar a torta de millo típica de Guitiriz.

(Repartimos a torta, cando rematen despedimos)

Grazas por vir e lembrade que A Casa das Palabras está sempre aberta!

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Os cartóns e as fabas xa están na mesa
- Unha das guías saca un número, a outra le a definición da palabra.
- A que vai saca os números que anote as palabras que saen para a comprobación.

O LÉXICO DE DÍAZ CASTRO

1	ABRENTE	A PRIMEIRA LUZ DO DÍA. AMENCER
2	BRASAS	MATERIA COMBUSTIBLE QUE SE MANTÉN ACESA PERO SEN CHAMA. ASCUA
3	FACHA	PRESA DE PALLA ATADA QUE SE ACENDE PARA ALUMAR. FACHUZO
4	NIMBO	CÍRCULO LUMINOSO QUE ARRODEA A CABEZA DOS SANTOS OU OBXECTOS SAGRADOS. AUREÓLA, HALO
5	DESORBALLAR	SACUDIRLLE O ORBALLO A UNHA PLANTA
6	CHORIMA	FLOR DO TOXO OU DA XESTA. CHORIDA
7	CERNA	PARTE INTERIOR E MÁIS DURA DO TRONCO DUNHA ÁRBORE
8	RÍO	CURSO NATURAL E PERMANENTE DE AUGA DOCE QUE EDSEBOCA NO MAR, NUN LAGO OU NOUTRO CAUCE
9	CHOIVA	AUGA QUE CAE DAS NUBES EN FORMA DE PINGAS
10	CAMIÑO	ESPAZO TRAZADO E DISPOSTO PARA PODER IR DUN LUGAR A OUTRO
11	SUCO	ESCAVACIÓN LONGA E POUCO PROFUNDA FEITA NUN TERRO PARA SEMENTAR. REGO
12	BORRALO	PO OU CONXUNTO DE RESIDUOS QUE QUEDAN ´ Ó QUEIMAR ALGO TOTALMENTE, CINZA
13	VIMBIO	VARA DE VIMIEIRO FINA, LONGA E FLEXIBLE, VIME
14	LOUSADO	CUBERTA DUNHA CASA TAPADA POR LOUSAS, SIMILAR Ó TELLADO
15	MEIGA	MULLER QUE ATRAE, QUE ENFEITIZA, FEITICEIRA
16	CENTEIO	PLANTA MOI SEMELLANTE Ó TRIGO, COAS ESPIGAS MÁIS LONGAS E DESGADAS
17	FRAGA	MONTE CON MOITA VEXETACIÓN, BOSQUE
18	UVA	FROITO DA VIDE DO QUE SE OBTÉN VIÑO
19	MAUS	PARTE DO CORPO SITUADA NO EXTREMO DE CADA BRAZO
20	LUSQUEFUSQUE	MOMENTO DO DÍA EN QUE A LUZ DESAPARECE E AS COUSAS VENSE COMO SOMBRAS, ANOITECER